

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO A CONTRATACIÓN DAS OBRAS INCLUIDAS NO PROXECTO DE “SANEAMENTO NO ENTORNO DA RUA SAN PEDRÓ” (EXP.003-OBRPA17).

I.- DISPOSICIÓN XERAIS.

1ª.- OBXECTO DO CONTRATO E ÓRGANO DE CONTRATACIÓN.

1.- O presente contrato ten por **obxecto** a execución das obras incluídas no “Proxecto de SANEAMENTO NO ENTORNO DA RUA SAN PEDRO, de acordo co proxecto redactado polo Enxeñeiro Industrial don Alfonso Fernández Losada que consta de memoria e anexos, (memoria, memoria anexos, planos, medicións e presupostos pregos de condicións, estudio básico de seguridade e saúde e unha separata coas afección sectoriais do proxecto).

Todos os documentos que constitúen o proxecto técnico da obra a executar revisten carácter contractual, quedando integrados e formando parte do presente Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e, en consecuencia, son obrigatorios da mesma forma que este prego.

En caso de que algunha das condicións do proxecto fosen diferentes ás contidas neste prego prevalecerán en calquera caso as cláusulas xurídico- administrativas do presente prego.

2.- **Natureza do contrato:** o contrato que se subscriba terá carácter administrativo conforme ao artigo 19 do Rd. 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público (en diante TRLCSP), cualificándose como de obras segundo o previsto no artigo 6.1 do TRLCSP e seralle de aplicación o disposto nos artigos 229 e seguintes de dito texto legal e nos artigos 139 e seguintes do Rd. 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas (en diante RXLCAP).

3.- O **CPV** que corresponde ás obras deste proxecto é o *90400000-1 Servicios de alcantarillado*, segundo o Regulamento (CE) nº 213/2008, da Comisión, de 28 de novembro de 2007, que modifica o Regulamento (CE) Nº 219572002, do Parlamento Europeo e do Consello, polo que se aproba o Vocabulario común de Contratos Públicos (CPV), e as Directivas 2004/17/CE e 2004/18/CE do Parlamento Europeo e do Consello sobre os procedementos dos contratos públicos, no referente á revisión da CPV.

4.- Para os efectos esixidos no artigo 22 do TRLCSP, a natureza e extensión das **necesidades** que se pretenden satisfacer co contrato que regula o presente prego é a mellora do saneamento no entorno da rúa San Pedro da nosa cidade.

5.- O órgano de contratación é a Xunta de Goberno Local do Concello de Monforte, en virtude do D. 18.6.2015 (BOP. nº 160 de 17.7.2016).

Dito Órgano, actúa no presente contrato, por nome e por conta das partes asinantes do Convenio en canto cotitulares do contrato, e ostentará as prerrogativas de interpretar este

contrato, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modifícalo por razóns de interese público e determinar os efectos desta.

2ª.- PROCEDIMIENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN.

O contrato adxudicarase por procedemento aberto previsto e regulado nos artigos 157 a 161 do TRLCSP, a súa tramitación será ordinaria e a forma de adxudicación será a da oferta economicamente máis vantaxosa, atendendo a varios criterios de adxudicación.

3ª.- ORZAMENTO DE LICITACIÓN; VALOR ESTIMADO; PREZO E REVISIÓN DE PREZOS.

1.- O orzamento base de licitación ascende á contía de 268.962,50 € aos que habería que engadir 56.482,13 € en concepto de IVE (21%) o que fai un total ascendente de 325.444,63 €.

As proposicións que se presenten superando o orzamento base de licitación serán automaticamente rexeitadas.

2.- O valor estimado do contrato ascende á contía de 268.962,50 € tendo en conta as posibles prórrogas e modificacións do mesmo.

3.- O prezo do contrato será o que resulte da adxudicación, que en ningún caso superará o orzamento base de licitación, e inclúe todos os factores de valoración e gastos que, segundo os documentos contractuais e a lexislación vixente son por conta do adxudicatario, así como os tributos de calquera índole, incluído o IVE, que será repercutido como partida independente. A baixa que poida obterse como resultado da adxudicación dará lugar, se é o caso, a unha baixa proporcional aos custos asumidos por cada unha das partes intervenientes no seu financiamento.

4.- Segundo Convenio subscrito o financiamento da execución das obras realizarase segundo as seguintes achegas:

ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	ACHEGA
Deputación de Lugo	155.000,00 €
Concello de Monforte de Lemos	170.444,63 €

5.- Na presente contratación, dado o prazo de execución das obras, non terá lugar a revisión de prezos conforme ao previsto no artigo 89 do TRLCSP.

4ª. EXISTENCIA DE CRÉDITO.

Existe consignación orzamentaria para atender ás obrigas económicas que se deriven da presente contratación para o Excmo. Concello de Monforte de Lemos con cargo á aplicación orzamentaria 160.61902, do orzamento xeral municipal do ano 2017, de acordo co documento de retención de crédito co nº de operación contable 2017 2201 1160.

Así mesmo, e en cumprimento do disposto no artigo 109.5 do TRLCSP queda acreditada a plena dispoñibilidade das aportacións dos distintos axentes cofinanciadores do presente contrato.

De conformidade co disposto no artigo 174 do texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Rd. legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e nos artigos 79 e seguintes do D. 500/90, a autorización ou realización de gastos de carácter plurianual subordinarase ao crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos.

5ª.- GARANTÍAS DA CONTRATACIÓN.

1.- **Provisional:** tendo en conta o carácter potestativo da garantía provisional que lle confire o artigo 103.1 do TRLCSP non se esixe garantía provisional.

2.- **Definitiva:** o órgano de contratación requirirá o licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de dez días hábiles desde a recepción do requirimento, constitúa garantía definitiva dun 5 por cento do importe de adxudicación, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido.

De non cumprirse o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, conforme ao disposto no artigo 151.2 do TRLCSP.

En canto á forma e requisitos das garantías estarase ao previsto nos artigos 96 e seguintes do TRLCSP e artigos 55 a 58 do RXLCAP e no modelo do **ANEXO III** deste prego, debendo consignarse en todo caso na Tesouraría Municipal.

Cando como consecuencia da modificación do contrato, experimente variación o prezo do mesmo, reaxustarase a garantía no prazo de 15 días hábiles, contados desde a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación, para os efectos de que garde a debida proporción co prezo do contrato resultante da modificación, incorrendo en caso contrario en causa de resolución contractual. No mesmo prazo contado desde a data en que se fagan efectivas as penalidades ou indemnizacións o adxudicatario deberá repoñer ou ampliar a garantía na contía que corresponda, incorrendo en caso contrario en causa de resolución.

3.- **Complementaria:** no caso de resultar adxudicatario un licitador inicialmente incurso en presunción de temeridade ingresará unha garantía complementaria do 5 por cento do importe de adxudicación, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido.

6ª.- INICIO E PRAZO DE EXECUCIÓN.

1.- O contratista deberá executar a obra no prazo de **TRES MESES (3 meses)** que contará desde a sinatura da acta de comprobación do reformulo das obras.

2.- De conformidade co establecido no artigo 213.2 do TRLCSP, dito prazo de execución poderá prorrogarse cando o contratista non puidese cumprilo por causas que non lle sexan imputables, sempre que as xustifique debidamente.

7ª.- CONSULTA DO EXPEDIENTE.

1.- O procedemento aberto a que se refire o presente Prego anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e no perfil de contratante municipal.

2.- Perfil do contratante: co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á actividade contractual, os interesados poderán consultar a información referente á licitación aberta a través de internet na seguinte páxina web: www.monfortedelemos.es.

8ª.- LEXITIMACIÓN.

Poderán concorrer a esta contratación as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que estean en plena posesión da súa capacidade xurídica e de obrar, que non estean comprendidas en ningunha das prohibicións de contratar establecidas no artigo 60 do TRLCSP, extremo que poderá acreditarse polos medios previstos no artigo 73 do TRLCSP.

9ª.- UNIÓNS TEMPORAIS DE EMPRESARIOS.

Poderán contratar as unións de empresarios que se constitúan temporalmente para o efecto, sen que sexa necesaria a formalización das mesmas en escritura pública ata que se efectuase a adxudicación do contrato ao seu favor, debendo cumprir os requisitos esixidos no artigo 59 do TRLCSP.

10ª.- SOLVENCIA E CLASIFICACIÓN.

1.- Para a celebración do contrato será requisito contar coa solvencia económica, financeira e técnico- profesional a que se refiren os puntos 2 e 3 deste artigo. Este requisito será substituído polo da clasificación cando esta sexa esixible conforme ao disposto no TRLCSP. Cando o empresario dispoña de clasificación, esta acreditará a súa solvencia para a celebración de contratos do mesmo tipo nos cales, pola súa contía, non se esixa estar en posesión da mesma.

Os empresarios poderán basearse na solvencia e medios doutras entidades, independentemente da natureza xurídica dos vínculos que teñan con elas, sempre que demostren que, para a execución do contrato, dispoñen efectivamente deses medios. Para estes efectos, esixirase compromiso escrito do terceiro no que manifieste fidedignamente que porá a disposición do licitador os seus medios no caso de resultar adxudicatario. Será causa de resolución do contrato con incautación da garantía o incumprimento do compromiso anterior, considerándose como obriga esencial do contrato.

Respecto á determinación da solvencia económica e financeira e técnica da unión temporal e para os seus efectos, acumularanse as características acreditadas para cada un dos integrantes da mesma. No caso de esixirse clasificación, o réxime de acumulación das mesmas será o establecido nos artigos 51 e 52 do RXLCAP.

2.- **Solvencia económico- financeira** dos licitadores, que de conformidade co artigo 67.3.b.2º) do RXCLAP en relación co artigo 11.4.a) do RXLCAP, na súa nova redacción dada polo Rd. 773/2015, de 28 de agosto, deberá acreditarse polo medio seguinte:

O criterio para a acreditación da solvencia económica e financeira será o volume anual de negocios do licitador ou candidato, que referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos deberá ser cando menos de 357.000,00 €.

O volume anual de negocios do licitador ou candidato acreditarase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivese inscrito en dito rexistro, e en caso contrario polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o

seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

3.- **Solvencia técnica ou profesional**, que de conformidade co disposto no artigo 67.3.b.2º) do RXCLAP en relación co artigo 11.4.a) do RXLCAP, na súa nova redacción dada polo Rd. 773/2015, de 28 de agosto, deberá acreditarse polo medio seguinte:

Relación das principais obras de análoga natureza realizadas nos últimos dez anos, acompañada de certificados de boa execución sendo requisito indispensable que o importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior ao 70% do valor estimado do contrato, ou da súa anualidade media se este é inferior ao valor estimado do contrato.

4.- **Clasificación:** se ben pola contía do contrato non é esixible a clasificación do contratista, en virtude do previsto no artigo 65.1 do TRLCSP, a clasificación do empresario no grupo ou subgrupo que en función do seu obxecto corresponda, neste caso, **Grupo K, subgrupo 8, categoría 2**, acreditará a súa solvencia económica e financeira e técnica para contratar.

II.- DESENVOLVEMENTO DA LICITACIÓN

11ª.- PRESENTACIÓN DE OFERTAS.

1.- Presentación

As ofertas dos interesados deberán axustarse ao establecido neste Prego e a súa presentación suporá a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade das devanditas cláusulas ou condicións así como das determinacións contidas no proxecto de obras sen excepción ou reserva ningunha.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha oferta. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente nin figurar en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas por el subscritas.

2.- Lugar e prazo de presentación.

As proposicións presentaranse no Rexistro Xeneral de Entrada do Concello de Monforte de Lemos sito no Campo de Santo Antonio s/n, na localidade de Monforte de Lemos, CP. 27400 (LUGO), en horario de 9.00 a 14.00 horas, dentro dos vinte e seis **(26) DÍAS NATURAIS** seguintes a aquel en que apareza o anuncio de licitación publicado no BOP. Se o último día de prazo finaliza en sábado, domingo ou festivo entenderase prorrogado ao inmediato hábil seguinte.

Cando as proposicións se envíen por correo, o interesado deberá xustificar a data e hora de imposición do envío da oficina de correos que non poderá ser posterior ás 14:00 horas e anunciar ao órgano de contratación, no mesmo día, a remisión da oferta mediante Fax (núm. 982.40.48.12) ou telegrama no que se consigne o título completo do contrato e o nome do licitador. Sen a concorrencia de ambos os requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación, con posterioridade á data e hora de terminación do prazo sinalado no anuncio de licitación. En todo caso, transcorridos dez días naturais

seguintes á indicada data sen recibirse a documentación, esta non será admitida en ningún caso.

Unha vez presentada unha proposición non poderá ser retirada baixo ningún pretexto. Non serán admitidas variantes ou alternativas.

12ª.- DOCUMENTACIÓN QUE ACOMPAÑARA ÁS OFERTAS

As proposicións constarán de **DOUS (2) SOBRES** pechados, identificados no seu exterior con indicación da licitación á que se concorra e o nome e apelidos ou razón social da empresa licitadora, números de teléfono e de Fax, e enderezo de correo electrónico, de dispor deles, así como coa firma do licitador ou persoa que o represente.

Sobre n°1: subtítulo “Documentación Previa”.

Sobre n°2: subtítulo “Proposición Económica”

SOBRE N°1 “DOCUMENTACIÓN PREVIA”

Dito sobre incluíra, de conformidade co disposto no artigo 146.1 do TRLCSP a seguinte documentación.-

- **Declaración responsable conforme ao modelo que figura no Anexo II ao presente Prego.**

- **Unións temporais de empresarios.**

Un escrito de compromiso no que se indicarán: os nomes e circunstancias dos que a constitúan; a participación de cada un deles; a asunción do compromiso de constituírse formalmente en unión temporal en caso de resultar adxudicatarios e a designación dun representante ou apoderado único da unión con poderes bastantes para exercitar os dereitos e cumprir as obrigacións que do contrato se deriven. O citado documento deberá estar asinado polos representantes de cada unha das empresas que compoñen a unión.

No suposto de que o contrato se adxudicase a unha unión temporal de empresarios, esta acreditará a súa constitución en escritura pública, así como o CIF. asignado a dita unión antes da formalización do contrato. A duración da unión será coincidente coa do contrato, ata a súa extinción.

- **Xurisdición de empresas estranxeiras.**

As empresas estranxeiras deberán presentar declaración de someterse á xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, de ser o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidera corresponderlles.

O licitador a cuxo favor recaía a proposta de adxudicación deberá acreditar ante o órgano de contratación, previamente á adxudicación do contrato, a posesión e validez dos documentos esixidos.

O órgano de contratación, en orde a garantir o bo fin do procedemento, poderá solicitar, en calquera momento anterior á adopción da proposta de adxudicación, que os licitadores

acheguen a documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para ser adxudicatario do contrato.

A concorrencia destes requisitos enténdese referida á data de finalización do prazo de presentación das proposicións.

SOBRE N°2:
“PROPOSICIÓN ECONÓMICA”

Incluirá a proposición económica de acordo co modelo que figura no **Anexo I** do presente prego, sen erros ou borranchos que dificulten coñecer claramente o que o órgano de contratación estime fundamental para considerar as ofertas, e que, de producirse, provocarán que a proposición sexa rexeitada.

13ª.- CRITERIOS DE VALORACIÓN DAS OFERTAS.

Para os efectos do artigo 67.2 do RXLCAP e conforme ao previsto no artigo 150 do TRLCSP para a valoración das proposicións presentadas e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa teranse en conta os seguintes criterios, por orde decrecente de importancia, de acordo con esta ponderación:

1) PREZO: ata un máximo de 68 puntos.

Valorarase con 68 puntos á oferta económica máis baixa respecto do orzamento de licitación. O resto das ofertas económicas valoraranse aplicando á seguinte fórmula.-

$$Px = PM \times \frac{TL - Ox}{(TL - Om)}$$

SENDO:

Px: puntuación de cada oferta.

TL: tipo de licitación.

Ox: oferta que se puntúa.

Om: oferta máis baixa.

PM: puntuación máxima.

De conformidade co artigo 152.2 do TRLCSP, e 85 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral de la Lei de Contratos das Administracións Públicas consideraranse anormais ou desproporcionadas aquelas ofertas que, en principio, se atopen nos seguintes supostos:

1. Cando, concorrendo un so licitador, sexa inferior o presuposto base de licitación en máis de 25 unidades porcentuais.
2. Cando concorran dous licitadores, a que sexa inferior en máis de 20 unidades porcentuais a outra oferta.
3. Cando concorran tres licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Non obstante, excluírase para o cómputo de dita media a oferta de contía máis elevada cando sexa superior en máis de 10

unidades porcentuais a dita media. En calquera caso, considerarase desproporcionada a baixa superior a 25 unidades porcentuais.

4. Cando concorran catro ou mais licitadores, as que sexan inferiores en mais de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Non obstante, si entre elas existen ofertas que sexan superiores a dita media en mais de 10 unidades porcentuais, procederáse ó cálculo de unha nova media só coas ofertas que non se atopen no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularáse sobre as tres ofertas de menor contía.

5. Para a valoración das ofertas como desproporcionadas, a mesa de contratación poderá considerar a relación entre a solvencia da empresa e a oferta presentada cuxa baixa sexa superior ao 15% respecto ao tipo de licitación.

Cando unha proposición sexa considerada anormal ou desproporcionada darase audiencia ao licitador para que xustifique a súa oferta e precise as condicións da mesma, en particular no que se refire ao aforro que permita o procedemento de execución da obra, solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar a prestación, e o respecto das disposicións relativas á protección do emprego e ás condicións de traballo vixentes no lugar no que se vaia realizar a prestación, ou a posible obtención dunha axuda do Estado.

O órgano de contratación admitirá ou non admitirá ao licitador, logo dos informes técnicos que procedan.

O concello poderá solicitar aos licitadores documentación e aclaracións en relación ás súas propostas, as cales se refiren exclusivamente a aspectos de detalle, sen que poidan supoñer unha modificación da documentación que presenten os licitadores nas súas plicas unha vez abertas e coñecidas as demais propostas.

- 2) REDUCCIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN: ata un máximo 20 puntos,** correspondendo 5 puntos por cada semana que se reste ao período de execución fixado no presente prego.

De ofertar redución do prazo de execución, deberá presentar programa detallado das obras co compromiso expreso da súa viabilidade e xustificando debidamente a redución do prazo de execución. A non inclusión deste programa detallado será causa de exclusión automática da oferta presentada polo licitador.

- 3) PRAZO DE GARANTÍA: ata un máximo de 12 puntos,** correspondendo 0,25 puntos por cada mes que se engada respecto do período mínimo de garantía recollido no presente prego.

En caso de producirse empate na puntuación final darase prioridade ao licitador que obtivese unha maior puntuación no criterio 1. De manterse o mesmo estarase ao segundo criterio e de persistir o

mesmo, atenderase á proposición que oferte un maior prazo de garantía. No suposto de que o empate persistise este resolverase mediante sorteo celebrado pola Mesa en acto público.

14ª.- MESA DE CONTRATACIÓN.

Conforman a Mesa de Contratación os seguintes membros.-

Presidente:

-O Excmo. Sr. Alcalde do Concello de Monforte de Lemos, que será suplido, nos casos de vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa legal por un dos vogais que teñen a condición de concelleiro/a.

Vogais:

-A Concelleira Delegada de Facenda e Réxime Interior, ou persoa en quen delegue ou a substitúa.

-O Concelleiro Delegado de Medio Rural e Servizos, ou persoa en quen delegue ou a substitúa.

-O Secretario Xeral do Concello, ou persoa en quen delegue ou o substitúa.

-A Interventora Xeral Municipal, ou persoa en quen delegue ou a substitúa.

- A Enxeñeiro Técnico Municipal, ou persoa en quen delegue ou a substitúa.

Secretario:

-O Técnico do Servizo de Contratación, ou de ser o caso, funcionario en quen delegue ou o substitúa.

15ª.- APERTURA DE PROPOSICIÓNS.

A apertura da documentación previa e das ofertas celebrarase na Sala de Xuntas do Excmo. Concello de Monforte de Lemos, na data e hora indicadas no perfil do contratante municipal.

Concluído o prazo de presentación de ofertas, constituirase a Mesa de Contratación, en sesión non pública, co obxecto de examinar a documentación achegada polos licitadores en tempo e forma no SOBRE A. A Mesa comprobará dita documentación, declarando a admisión, non admisión ou necesidade de corrección dos defectos ou omisións que considere corrixibles, en cuxo caso o comunicará mediante Fax ou correo electrónico aos interesados, concedéndolles un prazo non superior a tres días hábiles contados a partir da recepción do mencionado Fax ou correo electrónico, para que os licitadores corrixan as deficiencias, mediante escrito que deberán presentar no Rexistro Xeral.

En caso de que non existan defectos na documentación incluída no sobre A, a Mesa de Contratación na mesma sesión e en acto público procederá á apertura do sobre B.

En caso de apreciarse defectos no sobre A reunirase novamente a Mesa de Contratación no lugar e data indicados no perfil do contratante municipal, para proceder á apertura, en acto público, do sobre B.

Obtida a valoración das ofertas respecto dos criterios recollidos na cláusula 13ª deste prego, asignarase a cada unha delas os puntos de ponderación correspondentes a cada criterio, asignándolle á mellor oferta o máximo dos puntos correspondentes ao criterio de que se trate.

A Mesa elevará ao órgano de contratación a proposta de adxudicación a favor do licitador que realizase a oferta economicamente máis vantaxosa das admitidas logo dos informes que considere de acordo co TRLCSP.

16ª.- REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN; ADXUDICACIÓN; E NOTIFICACIÓN DA ADXUDICACIÓN.

Autorízase á Mesa de Contratación para que a través do seu Presidente se efectúe o requirimento de documentación a que fai referencia o artigo 151 do TRLCSP ao licitador que efectuase a oferta economicamente máis vantaxosa e demais actuacións para a adxudicación do contrato.

Neste senso, o Presidente da Mesa de Contratación requirirá ao licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa, tendo en conta os criterios de adxudicación sinalados neste prego, para que, dentro do prazo de **DEZ DÍAS HÁBILES**, que contará desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a seguinte documentación.-

- Documento Nacional de Identidade, cando se trate de empresarios individuais.
- Escritura de constitución ou modificación, de ser o caso, os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscrita no Rexistro Público que corresponda, se a empresa fose persoa xurídica.
- Escritura de Poder, se se actúa en representación doutra persoa e DNI do representante.
- Declaración responsable do licitador na que afirme baixo a súa responsabilidade que non se atopa incurso en prohibición de contratar, conforme ao art. 60 do TRLCSP.
- Certificados acreditativos de atoparse ao corrente das súas obrigacións tributarias estatais, autonómicas e locais e coa Seguridade Social.
- Cando se exerzan actividades suxeitas ao Imposto sobre Actividades Económicas: alta, referida ao exercicio corrente, ou último recibo, xunto cunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do citado imposto e, se é o caso, declaración responsable de atoparse exento.
- Os documentos que acrediten a solvencia económica e financeira a que se refire a cláusula 10.2 do presente prego.
- Os documentos que acrediten a solvencia técnica ou profesional a que se refire a cláusula 10.3 do presente prego.
- Constitución da garantía definitiva na Caixa do Excmo. Concello, por importe do 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE.
 - Para as empresas non comunitarias, os requisitos do art. 55 do TRLCSP, e para as empresas non españolas, de estados membros da Unión Europea, a acreditación da capacidade de conformidade co art. 58 do TRLCSP.
 - Para as empresas estranxeiras, a declaración de someterse á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, se é o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante. Así mesmo presentarán a documentación traducida de forma oficial ao castelán de acordo co art. 23 do RXLCAP.

Os licitadores poderán indicar a súa inscrición no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou da Comunidade Autónoma de Galicia, acompañando a correspondente certificación onde se recollan os puntos a que se refire o art. 328 do TRLCSP. Nese caso estarán dispensados de presentar os datos que figuren inscritos (sempre que estean vixentes), sen prexuízo de que a administración poida solicitar aqueles datos ou documentos que estime necesarios a fin de verificar ou comprobar a súa exactitude ou vixencia.

Os certificados comunitarios de clasificación ou documentos similares que acrediten a inscrición en listas oficiais de empresarios autorizados para contratar establecidas polos Estados membros da Unión Europea deberán indicar as referencias que permitisen a inscrición do empresario na lista ou a expedición da certificación así como a clasificación obtida.

Os licitadores inscritos deberán presentar unha declaración responsable sobre a vixencia dos datos anotados no Rexistro de Licitadores. Si se produciu alteración dos datos rexistrados farase mención expresa na citada declaración, unindo a documentación correspondente.

Toda a documentación que se debe presentar polos licitadores haberá de ser documentación orixinal ou ben copias que teñan carácter de auténticas ou compulsadas conforme á lexislación vixente na materia, excepto o documento acreditativo da garantía que haberá de achegarse en orixinal. Así mesmo os licitadores presentarán a súa documentación en calquera dos dous idiomas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia.

De non cumprirse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas.

O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro do cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación, concretando e fixando os termos definitivos do contrato.

A adxudicación deberá ditarse en todo caso sempre que algunha das ofertas presentadas reúna os requisitos esixidos no prego de cláusulas. Nese caso non poderá declararse deserta a licitación. No entanto, nos termos previstos no artigo 155 do TRLCSP, a Administración, antes de ditar a adxudicación, poderá renunciar a celebrar o contrato por razóns de interese público, ou desistir do procedemento tramitado cando este adoeza de defectos non emendables, debendo de indemnizar aos licitadores, en ambos os casos, dos gastos que a súa participación na licitación lles ocasionase efectivamente.

A adxudicación deberá notificarse aos interesados, e, simultaneamente, publicarse no perfil do contratante.

A adxudicación e selección da mellor oferta e subseguinte resolución de adxudicación do contrato deberán realizarse en todo caso no prazo máximo de dous meses que contará desde o día seguinte ao de apertura de proposicións. Transcorrido o indicado prazo sen ditarse acordo sobre a adxudicación, os licitadores poderán retirar as súas ofertas e as garantías constituídas.

Non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego.

17ª.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

Será preceptiva a formalización escrita do contrato en documento administrativo que se axuste con exactitude ás condicións da licitación, constituíndo dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, sendo ao seu cargo os correspondentes gastos. En ningún caso poderanse incluír no documento no que se formalice o contrato cláusulas que impliquen alteración dos termos da adxudicación.

A formalización do contrato efectuarase non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a que se reciba a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos da forma prevista no presente prego (art. 156.3 TRLCSP).

Ao documento de formalización unirase, formando parte do contrato, a oferta do adxudicatario e un exemplar do PCAP.

Non poderá iniciarse a execución do contrato sen a súa previa formalización.

A formalización do contrato publicarase, indicando os mesmos datos mencionados no anuncio de adxudicación, no perfil do contratante e no Boletín Oficial da Provincia.

18ª.- GASTOS E IMPOSTOS POR CONTA DO CONTRATISTA.

O adxudicatario está obrigado ao pagamento do importe dos anuncios nos boletíns ou diarios oficiais en que se publique, cuxo importe máximo total será de 600,00 euros. O importe dos anuncios da licitación do contrato descontarase da primeira factura que se emita.

Tanto nas proposicións presentadas polos licitadores, como nos importes de adxudicación enténdense comprendidos todas as taxas e impostos, directos e indirectos que graven a execución das obras, que correrán por conta do contratista. Igualmente considéranse incluídos nas proposicións e no orzamento de adxudicación, correndo por conta do contratista, as taxas e arbitrios municipais.

Serán por conta do contratista os gastos de ensaio e controis de calidade acordados pola dirección da obra nunha contía máxima equivalente ao 1% do orzamento da obra. No entanto non terán tal limitación e correrán integramente por conta do contratista os gastos derivados de controis que sexa necesario realizar como consecuencia de defectos na calidade e na execución da obra.

É obrigación do contratista das obras a legalización e posta en marcha de todas as instalacións previstas no proxecto, polo que deberá obter os oportunos permisos, autorizacións ou calquera outro documento necesario que deban expedir os organismos competentes así como a redacción dos proxectos, expedicións de boletíns ou de calquera outro documento necesario para iso.

III.- EXECUCIÓN DO CONTRATO.

19ª.- PRINCIPIO DE RISCO E VENTURA E REVISIÓN DE PREZOS.

De acordo co establecido no artigo 215 do TRLCSP, a execución do contrato realizarase a risco e ventura do contratista, sen prexuízo do establecido no artigo 231 de dita lei para os casos de forza maior.

No presente contrato, dado o prazo de execución das obras, non terá lugar a revisión de prezos conforme ao previsto no artigo 215 do TRLCSP.

20ª.- RESPONSABLE DO CONTRATO.

O órgano de contratación poderá designar un responsable do contrato, ó que lle corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta execución da prestación pactada, todo iso sen prexuízo das facultades que lle corresponden ao Director Facultativo.

O responsable do contrato poderá ser unha persoa física ou xurídica, vinculada ao concello ou allea a el.

21ª.- COMPROBACIÓN DO REFORMULO.

Dentro do mes seguinte á formalización do contrato, presentado e aprobado o Plan de Seguridade e Saúde e o de Tratamento de Residuos, efectuarase a comprobación do reformulo, na data en que o concello sinala, quedando obrigado o contratista, tras notificación a acudir ao mesmo e subscribir a correspondente acta, de conformidade co artigo 229 do TRLCSP.

A acta deberá de expedirse por triplicado, debendo reflectirse na mesma os datos que se sinalan no artigo 139 do RXLCAP, e producíndose os efectos sinalados no mencionado artigos e no seguinte. En concreto, cando o resultado da comprobación do reformulo demostre a posesión e disposición real dos terreos, a idoneidade e viabilidade do proxecto, a xuízo do facultativo Director das obras, e sen reserva por parte do contratista, darase por aquel a autorización para inicialas, facéndose constar este extremo explicitamente na Acta estendida, de cuxa autorización quedará notificado o contratista polo feito de subscribila, e empezándose a contar o prazo de execución das obras desde o día seguinte ao da sinatura da Acta.

Un exemplar da Acta remitirase ao órgano de contratación, outro entregarase ao contratista e un terceiro á dirección da obra.

A Acta de comprobación do reformulo formará parte integrante do contrato para os efectos da súa esixibilidade.

Se o contratista non acudise, sen causa xustificada, ao acto de comprobación do reformulo a súa ausencia considerase como incumprimento do contrato coas consecuencias e efectos previstos no artigo 237 do TRLCSP.

No caso de que o expediente de contratación fose declarado de tramitación urxente, a comprobación do reformulo realizarase a partir do momento no que o adxudicatario constituíse a garantía definitiva.

22ª.- PROGRAMA DE TRABALLO

Aqueles licitadores que ofertasen unha redución no prazo de execución da obra que virán obrigados a presentalo na fase de licitación nos termos sinalados na cláusula 13.2 deste prego.

Caso contrario, é dicir, de non ofertar redución no prazo de execución e dado que o prazo de execución das obras é inferior a un ano, non será necesario que o contratista presente un programa de traballo,

23ª.- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO E PLAN DE TRATAMENTO DE RESIDUOS.

Nos quince días naturais seguintes ao de formalización do contrato o contratista deberá presentar o correspondente Plan de Seguridade e Saúde no traballo, de acordo co establecido no RD. 1627/1997. Dito Plan será informado polo coordinador en materia de seguridade e saúde e polo técnico director das obras e aprobado polo concello con carácter previo ao inicio das mesmas.

No mesmo prazo, o adxudicatario deberá presentar ao Director da Obra un Plan de Tratamento dos residuos de construción e demolición que se vaian producir, tal e como prevé o artigo 5 do RD. 105/2008, de 1 de febreiro. Este plan deberá ser informado polo Director da obra e aprobado polo concello xunto co Plan de Seguridade e Saúde.

Ambos os plans pasarán a formar parte dos documentos contractuais da obra.

24ª.- SINALIZACIÓN DE OBRAS.

1.- O contratista está obrigado a instalar, asumindo o seu custo, os sinais precisos para indicar o acceso á obra, a circulación na zona que ocupan os traballos e os puntos de posible perigo debido á marcha daqueles, tanto na devandita zona como nos seus lindes e inmediacións.

O contratista cumprirá as ordes que reciba por escrito da dirección acerca de instalacións de sinais complementarios ou modificación dos que instalase.

Os gastos que orixine a sinalización serán por conta do contratista.

2.- O adxudicatario estará obrigado a poñer pola súa conta, desde o inicio da obra e ata a súa total terminación, un cartel informativo de que se trata dunha actuación subvencionada polo Instituto Galego de Vivenda e Solo e polo Concello de Monforte de Lemos.

3.- Transcorrido o prazo fixado no punto anterior sen que o contratista instalase a sinalización referida no mesmo, esta será instalada pola propia Administración, correndo os gastos por conta do contratista.

25ª.- DIRECCIÓN DA OBRA; DELEGADO DO CONTRATISTA; COORDINACIÓN EN MATERIA DE SEGURIDADE E SAÚDE.

1.- A Administración, a través do director facultativo nomeado para o efecto, efectuará a inspección, comprobación e vixilancia para a correcta realización da obra contratada, emitindo as súas ordes e instrucións ao contratista por medio do seu delegado de obra.

2.- O delegado de obra do contratista deberá ser a persoa designada por este, e aceptada pola Administración antes da formalización do contrato, con experiencia acreditada en obras similares á que é obxecto de contratación, e con dedicación exclusiva.

Para os efectos enténdese por dedicación exclusiva a non posibilidade de adscrición a ningunha outra obra, sexa cal fose a súa natureza, durante o seu prazo de execución.

3.- A Administración designará, antes do inicio dos traballos ou tan pronto como se constate dita circunstancia, un coordinador en materia de seguridade e saúde, integrado na dirección facultativa para levar a cabo as tarefas que se mencionan no artigo 9 do Real Decreto 1627/1997 de 24 de outubro (BOE nº 256). Cando non sexa necesaria a designación de coordinador, ditas funcións serán asumidas pola dirección facultativa, sendo obrigación do contratista e subcontratistas atender as indicacións e instrucións do coordinador ou, no seu caso, as da dirección facultativa.

26ª.- OBRIGACIÓNS DO CONTRATISTA

1.- As obras executaranse con estrita suxeición ás estipulacións contidas no presente prego de cláusulas administrativas particulares e ao Proxecto que serve de base ao contrato e conforme ás instrucións que, en interpretación técnica deste, dese ao contratista o director facultativo das obras. Cando ditas instrucións fosen de carácter verbal deberán ser ratificadas por escrito no máis breve prazo posible, para que sexan vinculantes para as partes.

2.- Durante o desenvolvemento das obras e ata que se cumpra o prazo de garantía, o contratista é responsable dos defectos que na obra poidan advertirse. O contratista asume as responsabilidades correspondentes ás faltas e danos que, en e durante a execución das obras, cometan seus encargados e o resto do persoal nelas ocupado.

Se a xuízo do facultativo director designado pola Administración houberse algunha parte da obra executada deficientemente, o contratista deberá refacela sen dereito a indemnización de ningún xénero, aínda que se aprecie despois da recepción.

3.- Será obrigación do contratista indemnizar todos os danos e perdas que se causen, por si ou por persoal ou medios dependentes do mesmo, a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato.

Cando tales danos e perdas fosen ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde da Administración, ou como consecuencia dos vicios do proxecto elaborado por ela mesma, será responsable a Administración dentro dos límites sinalados nas leis.

4.- Corresponde ao adxudicatario o cumprimento das normativas sectoriais aplicables así como a obtención e pagamento de todas as autorizacións e licenzas que se requiran para a realización da obra contratada.

5.- O contratista dará cumprimento a canto obrigan as leis na materia laboral, debendo estar ao corrente no pagamento das cotas dos Seguros Sociais, Accidentes, Mutualidades e demais de carácter laboral. Re caerá unicamente sobre dito contratista cantas responsabilidades se deriven do incumprimento de tales obrigacións. Os Servizos Económicos municipais

poderán requirir ao contratista para que achegue documentación acreditativa do cumprimento das obrigacións de índole laboral; debendo o contratista inescusablemente dar cumprimento a tales obrigacións.

6.- O contratista adoptará toda clase de precaucións durante a execución das obras e en todo momento, para evitar que sobreveñan danos ás propiedades e persoas con motivo daquelas e colocará sinais e elementos de precaución e defensa que sexan necesarios, en evitación de danos e perdas dos que soamente el se fai responsable e non o concello.

7.- O contratista non deberá utilizar linguaxe sexista tanto na proposta como nos materiais ou prestación do contrato e deberá promover a eliminación de estereotipos entre mulleres e homes.

8.- O contratista virá obrigado a asegurar a obra contratada durante todo o tempo que dure a súa execución ata a recepción definitiva; a contía do seguro coincidirá en cada momento co valor que teñan por contrata os obxectos asegurados. Para tal efecto deberá contar con.-

- Un contrato de seguro de responsabilidade civil que garanta as responsabilidades que se poidan derivar por danos e perdas que se causen a terceiros como consecuencia da execución das obras, tanto os imputables ao contratista como a subcontratistas, e en xeral, a toda persoa que participe nas obras.
- Un contrato de seguro "todo risco construción" que cubra os danos á propia obra e instalacións.

Así mesmo, o adxudicatario deberá xustificar documentalmente antes do inicio da obra así como cando se lle requira a contratación da póliza e o contido dos seguros esixidos na cláusula anterior. Caso contrario, considerarase como incumprimento contractual moi grave.

En todo caso, serán soportados polo adxudicatario os danos e perdas na contía da franquía e no que se superen os límites que se establezan nas pólizas de seguros así como nos bens e riscos non cubertos nas mesmas.

9.- O contratista virá obrigado a observar as disposición vixentes en materia de produción e xestión de residuos.

27ª.- ABOAMENTOS AO CONTRATISTA

1.- Para os efectos de pago ao contratista, o director da obra expedirá certificacións mensuais da obra realizada que terán a consideración de aboamentos a conta, debendo tramitalas nos dez días seguintes ao período a que correspondan e remitir unha copia ao contratista para os efectos de que este, no prazo de 10 días hábiles, manifeste a súa conformidade ou o seu reparo, debendo contar aquelas co visto e prace do facultativo supervisor da obra designado pola Administración.

A este efecto, por cada certificación de obra o contratista expedirá unha factura para cada unha das administracións cofinanciadoras polo 50% do importe total que se certifique.

2.- O pago das certificacións de obra correspondentes ao Concello realizarase contra factura, expedida de acordo coa normativa vixente, debidamente conformada, se é o caso, polo designado como responsable do contrato. A Administración deberá abonar o importe das facturas dentro do prazo establecido no artigo 216.4 do TRLCSP, segundo redacción dada pola disposición final 7.1 da Lei 11/2013, de 26 de xullo, de medidas de apoio ao emprendedor, e de estímulo de crecemento e da creación de emprego.

De acordo co disposto na disposición adicional 33ª do TRLCSP faise constar que o órgano de xestión orzamentaria e contable e o órgano administrativo con competencia en materia de contabilidade pública é a Intervención Xeral Municipal do Concello de Monforte, que o órgano de contratación é a Xunta de Goberno Local e o Servizo destinatario da factura que ten que figurar no contrato é o Departamento de Servizos. Para ese efecto deberá presentarse a factura en formato electrónico a través do *"Punto General de Entrada de Facturas Electrónicas"*, de conformidade coas condicións e requisitos que se establecen na Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e demais normativa de desenvolvemento.

3.- O contratista poderá desenvolver os traballos con maior celeridade que a prevista nos prazos contractuais, non tendo dereito, con todo, a percibir maior cantidade do prezo que a consignada na anualidade correspondente, aboándose as certificacións que excedan da devandita contía unha vez iniciada a anualidade seguinte.

4.- Tras petición escrita do contratista, poderanse realizar aboamentos a conta por provisións de materiais e gastos de instalacións e equipos adscritos á obra, na forma e coas garantías previstas nos artigos 155, 156 e 157 do RGLCAP.

5.- O contratista poderá ceder a un terceiro, por calquera dos medios legalmente establecidos, o seu dereito a cobrar o prezo do contrato, pero para que dita cesión produza efectos, e a Administración expida o mandamento de pago a favor do cesionario, é preciso que se lle notifique fidedignamente a esta última o acordo de cesión.

6.- O contratista deberá gardar sigilo respecto dos datos ou antecedentes que, non sendo públicos ou notorios, estean relacionados co obxecto do contrato e chegasen ao seu coñecemento con ocasión do mesmo.

7.- Deberase dar adecuado cumprimento ao previsto na disposición adicional vixésimo sexta do TRLCSP, e no punto 2 e 3 do artigo 12 da Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, así como ao Regulamento que a desenvolve, facendo constar no contrato, en todo caso, as previsións do artigo 12.2 da devandita lei.

28ª.- PENALIDADES

1.- Os incumprimentos por causa imputable ao contratista das diferentes obrigacións establecidas neste prego e nos restantes documentos contractuais do mesmo terán, para os efectos da súa penalización, a tipificación de leves, graves ou moi graves.

INCUMPRIMENTOS LEVES. Reciben esta tipificación:

- a) Os incumprimentos dos prazos establecidos neste prego para a realización dos sucesivos trámites administrativos e para a execución das obras cando este incumprimento sexa inferior a un 50% do prazo previsto para cada trámite.
- b) Os incumprimentos defectuosos de calquera das obrigacións contractuais que non sexan tipificados como graves ou moi graves nos apartados seguintes sempre que non sexan reiterativos e se emenden ao primeiro requirimento por parte do Director de obra ou do Responsable municipal da obra.
- c) Non facilitar información, no prazo de cinco días naturais, sobre o grao de cumprimento da oferta a requirimento do responsable do contrato ou do director da obra.

INCUMPRIMENTOS GRAVES. Consideraranse incumprimentos contractuais graves, ademais dos cualificados así nas diferentes cláusulas deste prego, os seguintes:

- a) Os incumprimentos dos prazos establecidos neste prego para a realización dos sucesivos trámites cando este incumprimento sexa superior a un 50% e inferior a un 100% do prazo previsto para cada trámite.
- b) Os incumprimentos do contratista en materia de seguridade e saúde na obra, incluída a falta de acatamento que, en aplicación do mesmo, dese o Coordinador de seguridade e saúde, sempre que non implique risco directo para a vida dos traballadores.
- c) Calquera incumprimento no referente a actuacións ambientais na execución da obra, corrección de deficiencias detectadas nos controis de calidade, modificacións do contrato ou subcontratación.
- d) A desobediencia ás ordes dadas polo Director de obra e/ou Coordinador de seguridade e saúde e reflectidas no correspondente Libro de ordes.
- e) A reiterada obstrución polo adxudicatario ao labor inspector do Director de obra, do coordinador xeral da mesma ou do coordinador de seguridade e saúde.
- f) Os incumprimentos das obrigacións de conservación e policía durante o prazo de garantía
- g) A suspensión temporal non autorizada da execución das obras.
- h) A non colocación ou a falta de retirada posterior á finalización das obras, dos carteis anunciadores das obras nos termos e prazos
- i) O incumprimento das normas sobre subcontratación
- j) Non notificar as incapacidades ou incompatibilidades que puidesen sobrevenir á empresa ou a algún membro do seu persoal directivo durante a execución do contrato.
- k) A comisión de tres ou máis faltas leves da mesma ou distinta natureza durante a execución do contrato.

INCUMPRIMENTOS MOI GRAVES. Terán a consideración de incumprimentos contractuais moi graves, ademais dos cualificados así nas diferentes cláusulas deste prego, os seguintes:

- a) Os incumprimentos dos prazos establecidos neste prego para a realización dos sucesivos trámites cando este incumprimento sexa superior ó 100% do prazo previsto para cada trámite
- b) Os incumprimentos dos compromisos concretos ofertados polo adxudicatario en todas as cuestións que servisen como criterios de valoración das ofertas.
- c) A inexistencia das pólizas de seguros esixidas ou a falta de vixencia das mesmas.
- d) Os incumprimentos do contratista en materia de seguridade e saúde na obra que impliquen evidente risco para a saúde ou integridade física dos traballadores.

- e) O incumprimento das normas establecidas para executar modificacións no contrato.
- f) A comisión de tres ou máis faltas graves da mesma ou distinta natureza durante a execución do contrato.
- g) O falseamento de calquera declaración responsable emitida polo adxudicatario no marco do procedemento de contratación.

2.- RÉXIME DE DE PENALIZACIÓNS E INDEMNIZACIÓNS POR INCUMPRIMENTOS CONTRACTUAIS.

a) Contía das penalidades:

Os incumprimentos contractuais serán sancionados con multas coercitivas das contías seguintes:

- Incumprimentos contractuais leves: de entre o 0,3% e o 0,7%, do prezo de adxudicación.
- Incumprimentos contractuais graves: de entre o 0,8% e o 1%, do prezo de adxudicación.
- Incumprimentos contractuais moi graves: de 1,1% ao 1,5%, do prezo de adxudicación.

A demora na execución será penalizada, ademais, cunha multa coercitiva de 0,50.-€ por cada mil euros do prezo do contrato, por cada día de atraso.

En todos os casos esas porcentaxes aplicaranse sobre o prezo de adxudicación (IVE á parte) e calcularase a sanción por cada infracción, ou día de incumprimento de prazos, en función da súa gravidade, reincidencia e prontitude na súa corrección, e sen prexuízo de instar a resolución do contrato.

A infracción das condicións para proceder á subcontratación, así como a falta de acreditación da aptitude do subcontratista ou das circunstancias determinantes da situación de urxencia das que fan urxente a subcontratación, poderá dar lugar, en todo caso, á imposición ao contratista dunha penalidade de até un 50% do importe do subcontrato.

b) Indemnizacións:

A imposición de penalizacións será independente da obrigaón do concesionario da indemnización tanto ao concello como a terceiros dos danos e perdas que as infraccións que os motivan causasen e do non aboamento por parte do concello dos traballos finalmente non executados.

En caso de incumprimento de prazos, ademais das penalizacións establecidas no apartado anterior, poderase esixir ao contratista a indemnización ao concello polos danos e perdas que ocasiona a demora. Esta indemnización considérase pactada previamente de acordo cos seguintes criterios obxectivos:

- A. Cando se incumpra o prazo total de execución en máis dun 10 %, a indemnización alcanzará o 5 % do prezo de adxudicación do contrato.
- B. Cando se incumpra o prazo total de execución en máis dun 25%, a indemnización será do 10% do prezo de adxudicación do contrato.

A constitución en mora do contratista non precisará intimación previa por parte da Administración.

3.- PROCEDEMENTO PARA A IMPOSICIÓN DE PENALIDADES.

Para a imposición de penalidades instruírse un expediente sumario no que se concederá ao contratista un prazo de audiencia de dez días naturais para que formule as alegacións que estime oportunas e resolverase con carácter executivo pola Alcaldía ou Concellaría en quen delegue, salvo cando a sanción que se propoña sexa a resolución do contrato. Nese caso corresponderá a súa imposición sempre ao órgano de contratación e estarase ao disposto no RXLCAP.

As penalidades impostas serán inmediatamente executivas e faranse efectivas mediante dedución dos pagos correspondentes que o Concello deba aboar ao contratista. Se xa non existisen cantidades pendentes de pago, poderanse facer efectivas con execución da garantía definitiva, e se esta non alcanzase o montante da sanción, poderase reclamar pola vía administrativa de prema.

4.- PRESCRICIÓN DAS INFRACCIÓNS.

As infraccións das obrigacións contractuais cometidas pola o adxudicatario prescribirán nos prazos seguintes, contados a partir da data na que o Concello teña coñecemento da infracción cometida:

- Leves: aos 12 meses.
- Graves: aos 24 meses.
- Moi graves: aos 36 meses

29ª.- SUBCONTRATACIÓN

Para a celebración de subcontratos que poida realizar con terceiros estará sometido ao cumprimento dos requisitos establecidos nos artigos 227, 228 e 228 bis. do TRLCSP, sen que en ningún caso poda o contratista subcontratar con persoas inhabilitadas para contratar de acordo co ordenamento xurídico ou comprendidas nalgún dos supostos do art. 60 do TRLCSP.

En todo caso, o réxime da subcontratación axustarase ao establecido no Capítulo II que establece as Normas Xerais sobre a subcontratación no Sector da Construción da Lei 32/2006, de 18 de outubro, reguladora da subcontratación no Sector da Construción.

30ª.- MODIFICACIÓN DO CONTRATO

1.- O contrato só poderá modificarse nas condicións e cos requisitos establecidos nos artigos 105, 106, 210, 219 e 234 do TRLCSP.

2.- Non obstante o anterior, poderán levar a cabo modificacións do contrato cando conorra algunha das circunstancias a que se refire o punto 1 do artigo 107 do TRLCSP, a condición de que non alteren as condicións esenciais da licitación e adxudicación do contrato, debendo limitarse a introducir as variacións estritamente indispensables para atender a necesidade que as faga necesarias. Para estes efectos, entenderase que a modificación altera as condicións esenciais da licitación e adxudicación nos supostos contemplados no punto 3 do citado artigo

107, sen que, en ningún caso, o seu importe acumulado poida ser igual ou superior, en máis ou en menos, ao 10 por 100 do prezo de adxudicación do contrato.

3.- En todo caso, o órgano de contratación deberá aprobar, previamente á súa execución, a modificación do contrato, seguindo para o efecto o procedemento establecido no artigo 211 do TRLCSP. Se a modificación se basease nalgunha das circunstancias previstas no artigo 107 do TRLCSP, e o proxecto de obras se redactou por un terceiro alleo ao órgano de contratación en virtude dun contrato de servizos, deberá darse audiencia ao redactor do proxecto antes da aprobación da modificación do contrato, a fin de que, en prazo non inferior a tres días hábiles, formule as consideracións que estime convenientes (art. 108 TRLCSP).

Aprobada a modificación, ambas as partes deberán subscribir a correspondente addenda ao contrato inicial, de acordo co disposto no artigo 219.2 do TRLCSP, en relación co artigo 156 do devandito Texto Refundido

4.- Serán obrigatorias para o contratista as modificacións do contrato de obras que se acorden de conformidade co estipulado na cláusula anterior e nos artigos 105 a 108 e 219 do TRLCSP. En caso de supresión ou redución de unidades de obra, o contratista non terá dereito a reclamar indemnización ningunha.

5.- Cando as modificacións supoñan a introdución de unidades de obra non previstas no proxecto ou cuxas características difiran das establecidas no mesmo, os prezos de aplicación ás mesmas serán fixados pola Administración, tras audiencia do contratista por un prazo mínimo de tres días hábiles. Se este non aceptase os prezos fixados, o órgano de contratación poderá contratalas con outro empresario nos mesmos prezos que fixase ou executalas directamente.

6.- Cando o Director facultativo da obra considere necesaria unha modificación do proxecto, solicitará do órgano de contratación autorización para iniciar o correspondente expediente, que se tramitará con carácter de urxencia, seguíndose para o efecto as actuacións previstas no artigo 234.3 do TRLCSP.

31ª.- SUSPENSIÓN DAS OBRAS

Se a Administración acorda a suspensión do contrato ou aquela tivese lugar pola aplicación do disposto no artigo 216.5 do TRLCSP, levantarase unha acta na que se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución daquel. Dita acta deberá ser asinada por un representante do órgano de contratación, polo contratista e polo director da obra, debendo anexarse á mesma a medición da obra executada e os materiais amoreados a pé de obra utilizables exclusivamente na parte ou partes da obra suspendida.

Acordada a suspensión, a Administración aboará ao contratista os danos e perdas efectivamente sufridos por este.

32ª.- RESOLUCIÓN E EXTINCIÓN DO CONTRATO

Ademais de nos supostos de cumprimento, o contrato extinguirase pola súa resolución, acordada pola concorrencia dalgunha das causas previstas nos artigos 223 e 237 do TRLCSP dando lugar aos efectos previstos nos artigos 224 e 239 do TRLCSP.

Así mesmo, serán causa de resolución do contrato, dando lugar aos efectos antes indicados, o incumprimento dos requisitos e réxime establecidos na Lei 32/2006, reguladora da subcontratación no sector da construción.

33ª.- CERTIFICACIÓN FINAL DE OBRA E LIQUIDACIÓN

Dentro do prazo de tres meses que contará desde a data da acta de recepción, o órgano de contratación deberá aprobar a certificación final das obras executadas, que será aboada ao contratista, dentro do a que se refire o artigo 216.4 do TRLCSP, a conta da liquidación do contrato.

No prazo de quince días anteriores ao cumprimento do prazo de garantía a que se refire a cláusula seguinte, o director facultativo da obra redactará, de oficio ou a instancia do contratista, un informe sobre o estado das obras. Se este fose favorable, o director formulará, no prazo dun mes, a proposta de liquidación, que será notificada ao contratista para que, no prazo de dez días, preste a súa conformidade ou manfeste os reparos que estime oportunos.

Dentro do prazo de sesenta días contados a partir da contestación do contratista ou do transcurso do prazo de dez días de que este dispón para tal fin, o órgano de contratación deberá aprobar a liquidación e aboar, se é o caso, o saldo resultante da mesma.

2.- Se se producise demora no pago do saldo de liquidación, o contratista terá dereito a percibir o aboamento dos intereses de mora e a indemnización polos custos de cobro, nos termos previstos na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

34ª.- RECEPCIÓN DA OBRA E PRAZO DE GARANTÍA.

O contrato entenderase cumprido polo contratista cando este realizase, de acordo cos termos do mesmo e a satisfacción da Administración, a totalidade da prestación. En todo caso, a súa constatación esixirá por parte do Concello de Monforte de Lemos un acto formal e positivo de recepción ou conformidade, no que estarán presentes o Director da Obra, o representante do Instituto Galego de Vivenda e Solo; o representante do Concello de Monforte de Lemos e o contratista. O acto efectuarase dentro do mes seguinte á finalización da obra.

O prazo de garantía será de 1 ano que se contará desde a data da Acta de recepción, a non ser que o adxudicatario ofertase outro maior. Durante o devandito período o contratista deberá conservar as obras e realizar nelas, asumindo os custos, aquelas reparacións que fosen necesarias e non sexan debidas ao mal uso das mesmas.

Durante o período de garantía, o contratista estará obrigado a emendar, asumindo o seu custo, todas as deficiencias que se poidan observar no executado, con independencia das consecuencias que se puidesen derivar das responsabilidades en que se puidese incurrir, de acordo ao establecido no presente prego e no artigo 235 do TRLCSP.

Cumpridas polo contratista as obrigacións derivadas do contrato, se non resultasen responsabilidades que haxan de exercitarse sobre a garantía definitiva, e transcorrido o período de garantía, de ser o caso, dítarase acordo de devolución ou cancelación daquela.

No suposto de recepción parcial non se autorizará a devolución ou cancelación da parte proporcional da garantía.

Transcorrido o prazo de garantía desde a data de terminación do contrato sen que a recepción formal tivese lugar por causas non imputables ao contratista, procederase, sen máis demora, á devolución ou cancelación das garantías, sempre que non se produciran as responsabilidades a que se refire o artigo 100 do TRLCSP.

Se a obra se arruína con posterioridade a expiración do prazo de garantía por vicios ocultos da construción, debido ao incumprimento do contrato por parte do contratista, responderá este dos danos e perdas durante o termo de quince anos que contará desde a recepción.

35ª.- XURISDICIÓN

As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación e resolución do contrato, e efectos desta, serán resoltas polo órgano de contratación, cuxos acordos porán fin á vía administrativa, e serán inmediatamente executivos, podendo ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou, ou ser impugnado mediante recurso contencioso administrativo, conforme ao disposto na Lei reguladora da devandita xurisdición.

Monforte de Lemos, 1 de decembro de 2016,

A N E X O I


MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA

D.....
....., con D.N.I. nº, maior de idade, con domicilio en
....., decatado do prego de cláusulas
administrativas particulares que ha de rexer a contratación de
....., e aceptando integramente o seu contido, en nome
..... (propio ou da/s persoa/s ou entidade/é que
representa especificando neste último caso as súas circunstancias), comprométese a executar

o contrato de referencia de acordo cos seguintes criterios segundo a cláusula 13^a das do prego de cláusulas administrativas particulares.-

- **Prezo:** euros; (..%) IVE:.....euros; Total.....euros (IVE engadido).
- **Ampliación do prazo de garantía** enmeses.
- **Redución do prazo de execución da obra** ensemanas.

Lugar, data e firma do licitador/a



ANEXO II MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

Don....., con DNI n.º....., actuando en nome propio (ou en nome e representación da empresa), segundo poder bastante vixente ao día da data), DECLARA de forma responsable ante o Concello de Monforte de Lemos:

PRIMEIRO:

- Que a empresa, , con CIF N.º , con domicilio social en , foi constituída mediante escritura pública ante o Notario en o día , con número de protocolo

- Que D/D^a....., con D.N.I. n.º..... en representación da empresa....., con poder bastante outorgado por escritura de apoderamento ante o Notario en o día con número de protocolo ten poder bastante para representar á empresa en materia de contratación pública.

SEGUNDO: Que a empresa cumpre cos requisitos esixidos no prego para xustificar a solvencia económica, financeira e técnica.

TERCEIRO: Que nin o asinante da declaración, nin a persoa física ou xurídica á que represento nin ningún dos seus administradores ou representantes, se atopan incursos en suposto algún dos referidos no artigo 60 do Real Decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido de contratos do sector público; que non forma parte dos órganos de goberno ou administración da mesma ningún alto cargo aos que se refire a lei 5/2006, de 10 de abril, de regulación dos conflitos de intereses dos membros do goberno da nación e dos altos cargos da administración xeral do estado; que non está afectado o réxime de incompatibilidades establecido pola Lei 53/84, de 26 de decembro, nin ostenta ningún dos cargos electivos regulados na Lei Orgánica 5/85, de 19 de xuño, de réxime electoral xeral. Así mesmo, o que subscribe fai extensiva a presente declaración ao seu cónxuxe ou, se é o caso, a persoa vinculada con análoga relación de convivencia afectiva, así como aos descendentes menores de idade das persoas antes referidas.

CUARTO: Que a citada empresa se atopa, nestes momentos, ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, nos termos en que estas se definen nos artigos 13 e 14 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da lei de Contratos das Administracións Públicas e non ten débedas tributarias pendentes de pago co Concello de Monforte de Lemos nos termos previstos no artigo 13.1.d) do Real Decreto citado anteriormente.

QUINTO: A declaración a que se refire o parágrafo anterior faise sen prexuízo da obrigaón de xustificar documentalmente ditas circunstancias, no suposto de resultar proposto para a adxudicación do contrato. Esta xustificación deberá realizarse no prazo de dez días hábiles que contará dende o seguinte o requirimento que para o efecto realizará o Órgano de Contratación.

SEXTO: Que, en relación co establecido no artigo 145.4 do TRLCSP e no artigo 86 do RXLCAP sobre empresas vinculadas, que a entidade mercantil á que represento (*indicar o que proceda*):

co establecido no artigo 145.4 del TRLCSP e no artigo 86 do Regulamento xeral da lei de Contratos das Administracións Públicas sobre empresas vinculadas, que a entidade mercantil a la que represento (*indicar o que proceda*):


- Non pertence a un grupo de empresas nin está integrada por ningún socio no que conorra algún dos supostos establecidos no artigo 42 do Código de Comercio.
- Pertence ao grupo de empresas ou está integrada por algún socio no que concorre algún dos supostos do artigo 42.1 do Código de Comercio. A denominación social das empresas vinculadas é a seguinte:
 - a)
 - b),etc.

SÉTIMO: Autorízase expresamente ao Concello de Monforte de Lemos para que efectúe todas as comunicacións ou notificacións que puidesen derivarse da presente contratación no seguinte.-

- Enderezo de correo electrónico.-
- Número de Fax.-

E para que conste e produza efectos no expediente ao que se refire a proposición á que se incorpora esta declaración responsable, asino a presente en a de de

Asdo.:.....



ANEXO III MODELO DE AVAL DE CONTRATACIÓN

A entidade ...(razón social do avalista ou sociedade de garantía mutua), con CIF....e domicilio para os efectos de notificacións en..., CP..., localidade..., e no seu nome... (nome e apelidos dos apoderados), con DNI/NIF.....e poder suficientes para obrigarse neste acto, segundo resulta da verificación de poder que se apunta na parte inferior deste documento.

AVALA

A.....(nome e apelidos ou razón social e CIF da empresa avalada),....., en concepto de garantía ... (provisional, definitiva ou complementaria),..... para responder das obrigacións seguintes: (detallar o obxecto da licitación, o contrato ou o deber asumido polo garantido)..... en virtude do disposto na normativa sobre contratación administrativa e a cláusula ...(indicar a cláusula do prego) do prego de cláusulas administrativas particulares, ante o EXCMO. CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS, por importe de....(en cifras) ... (en letras)... EUROS.

A entidade avalista declara baixo a súa responsabilidade que cumpre os requisitos previstos no artigo 56.2 do Real Decreto 1.098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas. Por virtude do presente aval a Entidade Avalista queda obrigada a pagar ao CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS , en defecto de pago do avalado, e no prazo sinalado no requirimento que se lle practique, a cantidade requirida pola Tesourería Xeral da indicada Corporación Municipal, con suxeición aos termos previstos na normativa de contratos das Administracións Públicas, a das Facendas Locais, normativa reguladora da Caixa de Depósitos e disposicións complementarias.

Este aval outórgase solidariamente respecto do obrigado principal, renunciando o avalista a calquera beneficio, e, especialmente, aos de orde, división e excusión de bens do avalado.

O presente documento ten carácter executivo, e queda suxeito ás disposicións reguladoras do expediente administrativo que trae a súa causa, aos termos previstos no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e ás súas normas de desenvolvemento, á normativa reguladora das Facendas Locais, ao Regulamento Xeral de Recadación e demais disposicións complementarias, debendo facerse efectivo polo procedemento administrativo de prema,

para o suposto de non atender o pago o primeiro requirimento da Tesourería.

O presente aval terá unha duración indefinida, permanecendo vixente ata que o EXCMO. CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS resolva expresamente declarar a extinción do deber garantido e autorice expresamente a súa cancelación e ordene o seu devolución, de acordo co establecido no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e lexislación complementaria.

Este aval figura inscrito no Rexistro Especial de Avais co número(Lugar e data de expedición)

.....(Razón social da entidade).....

(Firma dos apoderados)

VALIDACIÓN DE PODER

Notaría ou persoa que dá fe pública :

Municipio.....Provincia.....Data.....Número ou código.....

OBSERVACIÓN: Para os efectos da verificación e validación dos poderes dos signatarios poderá realizarse a mesma ante persoa que dá fe pública ou achegando á Tesourería Xeral deste Concello de Monforte copia dos poderes dos representantes que asinan en nome da entidade financeira avalista, nos que conste acreditado que posúen poder bastante ou suficiente para outorgar o devandito aval.

